

Os secretarios de Economía Rural do PSdeG e de Producións Forestais de UUAA informarán en Castroverde do incumprimento da Xunta sobre a Lei dos montes de man común

Será a través da xuntanza veciñal aberta, organizada pola executiva provincial baixo o título: *"Os montes veciñais: unha oportunidade económica"*, e que se desenvolverá este venres a partires das 21:30 horas, no colexio público deste municipio

O incumprimento do Goberno galego provoca que, innumerables fincas que sempre se consideraron privadas, estean dentro dos perímetros dos montes veciñais en man común, e que, por tanto, os seus propietarios se vexan impotentes para demostrar a súa titularidade. Somentes este cuestión pode conlevar causas xudicias que poden superar os 3.000 euros, e incluso que as propiedades non se poidan escriturar ou vender

Lugo ten algo máis do 32% das comunidades de MVMC. Estas posúen un total de 87.000 Ha. En canto aos municipios nos que abonda esta figura e, por tanto, os máis afectados, destacan os da franxa sur oriental

LUGO, 12 DE NOVIEMBRE DE 2014.- O Partido Socialista, en colaboración con Unións Agrarias, informará este venres aos veciños de Castroverde e de concellos limítrofes, así como aos propietarios de montes comunais, das consecuencias que está a provocar o incumprimento "fragante" da Xunta de Galicia da Lei 13/89 que rexe tanto a propiedade como o estado legal destes espazos forestais, e que, entre outras cuestións, provoca que estes teñan que asumir o custe dos deslindes, a pesares de ser unha competencia propia da administración autonómica, tal e como establece o artigo 11.4 de dita normativa. Será a través da xuntanza veciñal aberta, organizada pola secretaría de Medio Rural, que dirixe Horacio Rouco, e que se desenvolverá no colexio público de dito municipio, a partires das 21.30 horas.

Para elo, a executiva provincial contará con dous expertos na materia. Trátase da secretaria de Economía Rural e de Desenvolvemento Sostible do PSdeG-PSOE –Fe Álvarez- e do secretario de Desenvolvemento Rural e Producións Forestais de UUAA Galicia –Jacobo Feijoo Lamas-. Tanto Álvarez como Feijoo Lamas son profesionais que dispoñen dunha ampla e dilatada experiencia no tema que centra o encontro, pois a primeira é licenciada en Ciencias Ambientais e Enxeñeira Técnica Agrícola e, o segundo, é Enxeñeiro de Montes. Asimesmo, na xuntanza, que se enmarca dentro do compromiso asumido polos socialistas en outubro de informar e dar resposta ás múltiples dúbidas sobre este asunto aos titulares afectados, tamén participarán o secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- e o alcalde deste municipio –José María Arias Fernández-.

Importantes custos e sancións

Concretamente, debido a este incumprimento, a administración autonómica carga nos titulares un investimento que lle correspondería facer a ela e que, como mínimo, ascende na provincia de Lugo a 8,7 millóns de euros, pois o o territorio forestal lucense abarca unhas 87.000 hectáreas e o custe do deslinde estímase en 100 euros por cada unha destas unidades.

Asimesmo, trae como consecuencia que, innumerables fincas que sempre se consideraron privadas, estean dentro dos perímetros dos montes veciñais en man común, véndose os seus propietarios absolutamente impotentes para demostrar a titularidade das mesmas, e

atopándose, por exemplo, con que se queren facer algún tipo de aproveitamento como pastos ou forestal poden invadir o monte comunal, debido a que descoñecen a delimitación de onde remata a súa finca privada e de onde comeza a zona de man común, que é propiedade de todos os comuneiros que a integran. Somentes este cuestión pode supoñerlles aos propietarios enfrontarse a causas xudicias con elevados custos, que poden superar os 3.000 euros, e incluso a non poder escriturar ou vender estes bens que sempre foron da súa propiedade

Castroverde, un dos municipios máis afectados

Castroverde é un dos municipios máis afectados, xa que conta con máis de 2.000 Ha en monte común con altas capacidades produtivas. En canto aos concellos restantes nos que abonda a figura do MVMC destaca a franxa sur oriental: Ribas de Sil, Quiroga, Folgoso do Courel, Pobra de Brollón, Triacastela, O Incio, Samos, As Nogais, Cervantes e Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro. Na Zona Norte, teñen máis incidencia en Mondoñedo, Abadín e O Valadouro. Guitiriz, Friol, Guntín e Portomarín seguirían aos anteriores. É dicir, que quitando uns poucos concellos da provincia que non teñen superficie en MVMC -ou se teñen algo é residual-, os restantes, con diferentes graos de importancia, teñen presente esta figura de propiedade de monte.

En Galicia, segundo datos da Consellería de Medio Rural, existen unhas 2.800 comunidades de montes, que xestionan unha superficie que ronda as 700.000 hectáreas, e que se se están vendo afectadas por esta “neglixencia da Xunta”. No caso da provincia de Lugo, esta ten máis do 32% -904 comunidades-, e as unidades de produción distribúense do seguinte xeito: 71.000 hectáreas son propiedade dunhas 450 comunidades en convenio e, preto de 16.000 Ha de 190, en consorcio.